



VALDOVIÑO



CONCELLO DE VALDOVIÑO. XXV FESTIVAL DO ENTROIDO.

BASES XXV FESTIVAL ENTROIDO 2025 CONCELLO DE VALDOVIÑO.

PRIMEIRA.- Obxecto e Orzamento.

Co obxecto de promover unha das festas tradicionais máis importantes de Galicia e de recuperar a tradición popular destas datas no Concello de Valdoviño, a través da Concellaría de Cultura, convócase unha nova edición do FESTIVAL DO ENTROIDO NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.

O Concello de Valdoviño destina a cantidade máxima de 3.450,00 euros en total para distribuír en gratificacións á participación (só para a modalidade de COMPARSAS) e premios (en todas as modalidades convocadas). O gasto imputarase á partida orzamentaria 334.48000.

SEGUNDA.-Data e lugar

Este festival celebrarase o sábado día 8 de marzo .Os participantes partirán da Casa do Concello ás 17:30 horas. Entre as 17:00 horas e as 17:15 horas os participantes comunicarán á persoa da organización que estará situada diante da porta da Casa do Concello a súa chegada ao lugar.

TERCEIRA.-Prazos e lugar de inscrición

Poderán participar todas as persoas, agrupacións de persoas físicas ou entidades que se inscriban nos prazos e lugares que se recollen a continuación. No caso de agrupacións de persoas físicas o importe do premio ou gratificación, imputaráselle ao representante ou representantes a partes iguais.



VALDOVIÑO



INSCRICIÓNS	
PRAZO	Do 18 ao 27 de febreiro para comparsas, grupos, parellas e individuais.
	Día 8 de marzo de 16:30 a 17:00 prazo excepcional para participantes na modalidade individual non inscritos previamente . Ás 17:01 o prazo quedará pechado e o/a interesado/a poderá desfilas pero non optará a premio.
LUGAR	Sede electrónica. O propio interesado/a debe consultar antes do día 5 de marzo que a inscrición foi recepcionada correctamente chamando aos teléfonos 981487666 ou 645305229 (tamén consulta por whatsapp).
	Presencial : Na Casa de Cultura sita en Gándara de Abaixo núm 30 de luns a venres de 11:00 a 13:00 e de 17:00 a 19:00
	Día 8 de 16:30 a 17:00 na entrada da Casa do Concello, para participantes na modalidade individual que non se inscribisen previamente.
DOCUMENTACIÓN	-Folla de inscrición. -Copia do NIF da persoa inscrita, do representante e CIF da entidade (segundo proceda). -Anexo cumprimentado -Certificación expedida pola entidade bancaria na que conste o número de conta da entidade ou da persoa física que represente ao grupo (soamente comparsas). Aos premiados noutras modalidades exixiráselle posteriormente. -Letras das cancións ou guións das parodias (só comparsas)



VALDOVIÑO



- Será decisión da área de cultura do Concello admitir a participación de comparsas, grupos ou outros inscritos fóra de prazo, aínda que neste caso non terán dereito a recibir gratificación por participar nin optarán a premio.
- Todas as veciñas e veciños que acudan disfrazadas o día do festival e non estean inscritos poderán tomar parte no pasarrúas atendendo á orde de colocación que se lles indique por parte da organización. Soamente participarán no pasarrúas. Non terán dereito a recibir gratificación por participar nin optarán a premio.
- O modelo de instancia e Bases de inscrición facilitaranse na Casa da Cultura e estará dispoñíbel tamén na páxina web do Concello para a súa descarga.
- A organización reservarase o dereito á cancelación do evento no suposto de que non se acade un número de participantes que estime aceptábel e o dereito de anulación do desfile por inclemencias do tempo. No caso de anulación do pasarrúas o festival comezará ás 18,00 horas na Casa da Cultura.
- A inscrición no concurso enténdese como aceptación plena das Bases fixadas para o mesmo, sen que se poidan formular reclamacións de ningunha clase e por ningún concepto contra o aquí regulamentado. O incumprimento destas bases dará lugar á descualificación automática do/s participante/s e á anulación da gratificación estipulada se fose o caso. Non serán admitidos comportamentos ilegais, vexatorios ou de mal gusto que excedan o espírito crítico, satírico e lúdico do Entroido.

CUARTA.- Categorías e Premios

Establécense as seguintes categorías e modalidades nas que poderán inscribirse os/as interesados/as, que terán opción ás gratificacións ou premios que se detallan a continuación:



VALDOVIÑO



PREMIOS			
CATEGORÍA	MODALIDADE	NÚMERO DE COMPOÑENTES	GRATIFICACIÓNS PREMIOS
ÚNICA	COMPARSA -Número máximo de comparsas que se admitirán: OITO. -As comparsas inscritas recibirán unha gratificación por participar coa excepción daquelas que resulten gañadoras dalgún dos premios destinados a esta modalidade que recibirán só o premio ao non ser acumulativas ambas axudas. Actúan en escenario con cancións ou parodia	Mínimo 8 compoñentes.	300,00 euros. Gratificación por participar (sempre que non reciba premio) "1º Premio" 550,00 euros. "2º Premio" 460,00 euros. 3º Premio 390,00 euros. NOTA: Na modalidade de comparsa, as comparsas premiadas co 1º, 2º ou 3º premio non recibirán a gratificación por participación).



VALDOVIÑO



	GRUPO -Non hai límite no número de grupos inscritos. -Non hai gratificacións por participar. -Desfilan en escenario -Optan a premio	De 3 a 7 compoñentes	1º Premio 250,00 euros 2º Premio 150,00 euros
	PARELLA -Non hai límite no número de parellas inscritas. -Non hai gratificacións por participar. --Desfilan en escenario -Optan a premio.	2 compoñentes	100 euros "Premio Parella "
	INDIVIDUAL -Non hai límite de inscritos. -Non hai gratificacións por participar. --Desfilan en escenario -Optan a premio.	1 compoñente	50 euros. "Premio individual"
Veciñas e veciños disfrazados non inscritos poderán participar no pasarrúas. Non desfilan en escenario. Non optan a gratificacións nin premios.			

Definicións e aspectos a considerar nas distintas modalidades:

Comparsa: Enténdese como comparsa un grupo mínimo de 8 compoñentes debidamente disfrazados e gardando unha unidade temática na vestimenta e na actuación.



VALDOVIÑO



-As comparsas formadas integramente por menores de idade deberán realizar a inscrición a nome dun adulto responsábel e será obrigatorio que a comparsa desfile e actúe polo menos cunha persoa maior de idade no caso de que máis do 50% dos seus compoñentes sexan menores de 14 anos.

-Realizarase un sorteo o día 28 de febreiro ás 12:00 horas na Casa da Cultura se o número de comparsas inscritas é superior a oito. Neste caso, as comparsas que queden fóra da convocatoria poderán igualmente desfilaren pero non recibirán gratificación nin poderán optar a premios coa excepción que se recolle no punto sétimo.

-As comparsas de Valdoviño terán preferencia e non irán a sorteo. Considerarase comparsa de Valdoviño aquela na que polo menos o 51% dos seus compoñentes estean empadroados no Concello de Valdoviño.

Se a comparsa porta algún vehículo sobre rodas, este deberá estar decorado expresamente para a ocasión e realizarase unha descrición do mesmo na folla de inscrición. De seren vehículos a motor deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública, da inspección técnica (ITV) e dos seguros correspondentes sendo isto responsabilidade das persoas que figuran como inscritas que deberán indicar na folla de inscrición a matrícula do vehículo e o DNI do condutor que deberá estar en posesión do permiso de condución correspondente. Atenderase ao estipulado no Regulamento xeral de Circulación.

Grupo: Enténdese como grupo aquel que teña un número de compoñentes comprendido entre 3 e 7 debidamente disfrazados e gardando unha unidade temática na vestimenta. Os grupos formados integramente por menores de idade deberán realizar a inscrición a nome dun adulto responsábel e será obrigatorio que o grupo desfile polo menos cunha persoa maior de idade no caso de que máis



VALDOVIÑO



do 50% dos seus compoñentes sexan menores de 14 anos. Os grupos desfilan en pasarrúas e escenario pero non actúan.

Parellas: Dúas persoas disfrazadas e gardando unha unidade temática na vestimenta. As parellas formadas por menores de idade deberán realizar a inscrición a nome dun adulto responsábel. Esta persoa non poderá desfilan en pasarrúas e tampouco no escenario pero será responsábel de que a “parella” cumpra co estipulado nas presentes bases. No caso de que o responsábel da parella de menores acompañe a estes no desfile ou no escenario, a organización cambiará por defecto a súa inscrición de parella á de grupo e competirá dentro desta modalidade sen posibilidade de reclamación algunha e sempre e cando ese responsábel vaia disfrazado; se non vai con disfrace a parella quedará descualificada. As “parellas” desfilan en pasarrúas e escenario pero non actúan.

Individual: Unha persoas disfrazada. Se a persoa fose menor de idade deberá realizar a inscrición a nome dun adulto responsábel. Esta persoa non poderá desfilan en pasarrúas e tampouco no escenario, porén será responsábel de que a/o participante na modalidade “individual” cumpra co estipulado nas presentes bases. No caso de que o responsábel do menor, decida acompañar a este no desfile ou no escenario, a organización cambiará por defecto a súa inscrición de individual a parella e competirá dentro desta modalidade sen posibilidade de reclamación algunha e sempre e cando ese responsábel vaia disfrazado; se non vai con disfrace, a persoa quedará descualificada. A modalidade “individual” desfila en pasarrúas e escenario pero non actúa.

-Non se poderá participar co mesmo disfrace en varias categorías.



VALDOVIÑO



-Non poderán optar a premios nin a gratificacións aqueles disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

-No caso de que ao cumprimentar o formulario se marcase a modalidade equivocada, atribuiráselle de oficio a que lle corresponda.

QUINTA.- Desenvolvemento do desfile.

Todos os participantes inscritos formarán parte obrigatoriamente do pasarrúas que transcorrerá dende o edificio da Casa do Concello até a Casa da Cultura en cuxa praza terán lugar seguidamente as actuacións en escenario das comparsas e o desfile dos demais participantes inscritos.

A organización informará aos participantes do lugar de colocación e orde no desfile de pasarrúas e no escenario. Este atenderá a criterios internos da organización e será innegociábel.

Non se autoriza a participación de animais como acompañantes no pasarrúas e tampouco no escenario.

No caso de que durante o desenvolvemento do desfile e das actuacións se causen danos a terceiros por algún participante, a responsabilidade que se derive, será asumida integramente pola persoa ou persoas implicadas.

Se os concursantes precisan música específica para a actuación deberán facilitala aos responsábeis de son en soporte USB o mesmo día do festival. O Concello de Valdoviño non se fai responsábel de que poida xurdir algún problema coa reprodución do arquivo.

Cada comparsa deberá interpretar ante o público nas instalacións destinadas ao evento **un máximo de dúas cancións ou de dúas parodias, ou ben, dunha parodia e dunha canción.** Polo menos unha delas terá que estar escrita e ser interpretada en **lingua galega**, e un dos temas **deberá obrigatoriamente versar sobre Valdoviño.**



VALDOVIÑO



O tempo máximo de posta en escena para cada comparsa será de 10 minutos. As comparsas que superen o tempo regulamentariamente establecido e permanezan no escenario despois de seren avisadas, poderán ser descualificadas polo xurado. Serán as propias comparsas as que libremente decidan distribuír a letra das súas cancións entre os asistentes ao festival. Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Valdoviño non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das comparsas e entroidos participantes.

SEXTA.- Gratificacións á participación e Premios.

Soamente as comparsas terán dereito a gratificación pola participación. Para isto, a organización comprobará que as comparsas participantes cumpren co establecido nas presentes bases e teñen presentado a documentación en tempo e forma; ademáis comprobarase que realizaron o percorrido completo do pasarrúas coa totalidade dos seus compoñentes (excepto casos excepcionais debido a circunstancias especiais previamente autorizados pola organización) e que teñen actuado no lugar preparado para a ocasión respectando os tempos e requisitos exixidos nas presentes bases.

As axudas de gratificación por participación son incompatíbeis cos premios asignados á modalidade de comparsas, de tal xeito que as comparsas premiadas, recibirán este premio pero non terán dereito á gratificación por participación que si recibirán as comparsas inscritas participantes non premiadas.

Será obrigatoria a presenza dos participantes para recibir os premios en calquera das modalidades. De non ser así, enténderase que renuncian ao mesmo.

En todas as modalidades ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.



VALDOVIÑO



SÉTIMA.- Xurado

O xurado será designado polo Concello de Valdoviño e del formarán parte un/unha representante municipal, un/unha representante dalgúns das entidades asociativas do Concello de Valdoviño e un/unha persoa relacionada co eido artístico; un traballador da área de cultura actuará como secretario/a, con voz e sen voto e levantará acta.

Ao remate das actuacións en escenario, as/os compoñentes do xurado reuniranse para xulgar as actuacións. Tras a deliberación, os membros do xurado levantarán acta, debidamente asinada, da relación de premiados e e comunicarán os resultados publicamente o mesmo día do festival.

Os criterios de valoración serán os seguintes :

1. Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces.
2. Elaboración propia e artesanal do disface, materiais utilizados e complexidade na elaboración.
3. Maquillaxe, vestiario, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
4. Simpatía dos participantes.
5. Posta en escena (representacións vinculadas aos disfraces, acompañamento con coreografías, instrumentos, voces en directo na interpretación de cancións ou guións segundo o caso, humor nas composicións, valorando a presentación da realidade en clave cómica). No caso de participantes en grupos, parellas e individual que non actúan, valorarase o desfile no escenario.

A organización aportará unha táboa para axudar a realizar a valoración nas diferentes categorías. Cada criterio valorarase de 1 a 5 puntos para obter unha puntuación final. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado determinará os premios. En caso de empate os membros do xurado tomarán unha decisión en conxunto.



VALDOVIÑO



Se nalgunha das modalidades non se entrega algún premio, ben por falta de participantes inscritos, ben porque os participantes non cumpren cos criterios de valoración e, o xurado reservárase a posibilidade de destinar o seu importe ou importes completos ou fragmentados a outra/s modalidade/s en calidade de accésit. O xurado tamén poderá declarar o premio deserto e non asignalo a ningunha outra modalidade ou accésit se así o estimase oportuno.

A resolución do xurado será inapelábel e adoptárase por maioría simple de entre os seus membros.

No caso de que non se outorguen todos os premios, a organización poderá, se se dese o caso, utilizar o importe dos mesmos como gratificacións á participación para as comparsas que quedaron fóra do sorteo de comparsas admitidas e que, a pesar das circunstancias, desfilaron e actuaron. Este importe podería ser igual ou menor á cantidade asignada como gratificación por participar, mais nunca maior e sería un trámite a realizar con posterioridade á data do concurso.

Tras a deliberación, os membros do xurado levantarán acta, debidamente asinada, da relación de premiados.

A puntuación outorgada polo xurado poderá consultarse por calquera interesado previa petición

OITAVA.- Entrega de premios

A concesión dos premios e gratificacións farase pública o mesmo día do festival, unha vez se celebre a reunión do xurado.

Os premiados en cada unha das modalidades, agás a de comparsas, serán chamados a subir ao escenario e un representante municipal faralle entrega dun cheque simbólico co importe do premio. Seguidamente todos os representantes de cada unha das comparsas subirán ao escenario para a entrega de premios e/ou axudas á participación. As autoridades municipais presentes no evento entregarán



VALDOVIÑO



os premios de menor a maior e seguidamente as gratificacións as comparsas non premiadas. A comparsa gañadora do 1º premio repetirá a actuación.

NOVENA.- Pagamento de premios

O órgano instrutor á vista do expediente e do informe do xurado, formulará a proposta definitiva de resolución de concesión dos premios e de axudas económicas, segundo o caso, en favor de aqueles que acreditasen o cumprimento das bases e aportasen a documentación requirida.

No referido ás gratificacións por participación a comparsas, a cantidade máxima que recibirá cada comparsa que reuna as condicións e requisitos exixidos nestas BASES será de 300'00 euros brutos. O pagamento farase efectivo mediante transferencia bancaria de conformidade co certificado de conta bancaria aportado coa documentación da inscrición na que deberá constar o IBAN. De ser o caso, aplicarase a retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

No referido aos premios dos que se indican nestas bases importes brutos), atenderase ao estipulado nas presentes bases e, de ser o caso, aplicarase a retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente. O pagamento farase efectivo mediante transferencia bancaria de conformidade co certificado de conta bancaria portado coa documentación da inscrición na que deberá constar o IBAN.

Os premiados en modalidades distintas ás de comparsa xuntarán o certificado de conta bancaria requerido para o cobro do premio antes do día 15 do mes de marzo. Os importes dos premios indicados nas presentes bases para ditas modalidades son brutos e, de ser o caso, aplicarase a retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.



VALDOVIÑO



DÉCIMA.- Responsabilidade dos participantes e seguridade

Todos os participantes quedarán obrigados a atender as recomendacións que lles indiquen os traballadores dos corpos de seguridade e da organización para o correcto desenvolvemento da actividade. De producírense danos a bens ou persoas durante o desenvolvemento da actividade que non sexan imputábeis ao Concello de Valdoviño, a responsabilidade derivada será asumida integramente polos inscritos implicados. Igualmente, o Concello de Valdoviño non se fará responsábel das accións realizadas por grupos ou persoas non inscritas.

Se coa finalidade de mellorar o desenvolvemento dos actos programados se considerase conveniente introducir modificacións ao aquí fixado, poderá facerse por parte da organización. Atendendo a este punto solucionaranse os imprevistos que puidesen xurdir entre o día de comezo de inscricións e o día do festival. Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases poderá ser resolta segundo o criterio da organización, sen estar obrigada a comunicalo previamente.

Con posterioridade ao evento emitirase informe para poder proceder cos pagamentos que cumpridamente se deban facer atendendo ao estipulado nas presentes Bases e onde figurarán as puntuacións, os importes acadados polos participantes premiados, así como aqueles premios que ficasen desertos se fose o caso, as cantidades económicas fixas outorgadas a cada comparsa e calquera incidente que se tivese que resolver con motivo da celebración da actividade.

UNDÉCIMA.- Protección de datos

O responsábel do tratamento é o Concello de Valdoviño, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar a súa inscrición e participación no evento. A base lexitimadora é o consentimento da persoa interesada. O evento será fotografado e gravado, e as imaxes e gravacións poderán ser publicadas na páxina web e redes sociais do Concello, así como os datos dos gañadores para promoción da



VALDOVIÑO



actividade, en base ao interese público. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal. A inscrición neste festival de comparsas implicará a autorización ao Concello de Valdoviño para realizar as consultas a outras administracións precisas para a tramitación do expediente.

A participación no XXV FESTIVAL do ENTROIDO no CONCELLO DE VALDOVIÑO, supón a total e plena aceptación destas bases.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Estarán a disposición dos interesados, xunto aos modelos de inscrición na páxina web do Concello e no taboleiro de información e na Casa da Cultura. En todo o que non está previsto nestas bases terá de aplicación supletoria a Lei Xeral de Subvencións 38/2003.

Valdoviño 4 de FEBREIRO de 2025

O Alcalde